

## ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA QUINCE DE FEBREIRO DE 2012, CON CARÁCTER ORDINARIO

### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos do día quince de febreiro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### ORDE DO DÍA

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día trinta e un de xaneiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

#### **2º.- Instancias de obras de particulares**

2.1.-Instancia núm. 201100000001767 de Silvia Turnes Otero

En relación coa licenza concedida pola Xunta de Goberno de data trinta e un de xaneiro do ano que andamos a dona Silvia Turnes Otero para a construción dunha vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo -Vedra en solo de núcleo rural (N-1), a Xunta de Goberno á vista do disposto no artigo 71 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acorda aceptar a cesión das vías, segundo o disposto na documentación presentada ao efecto (280,00 m<sup>2</sup>).

2.2.- Instancia núm. 201200000000143 de Florinda J. Novoa Iglesias

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente en cambiar fiestras e pintado de paredes exteriores, situada en Reboredo, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións : non se modificará o volume actual da edificación e non afectarán á estrutura da mesma; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada será tradicional de maneira que harmonice co entorno. Ademais de acordo co artigo 3 do R.D. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións míni-

mas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trinta e cinco euros con setenta e sete céntimos (#35,77#)

### 2.3.-Instancia núm. 201200000000112 de José Manuel Castro Pallas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dun garaxe en Gatente (Trobe), en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta; núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa de 3,40 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Mercedes Rosón Varela cun orzamento de 15.600,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos doce euros (#312,00#)

### 2.4.- Instancia núm. 201200000000132 da AA.VV Unión e Progreso

Dáse conta da citada instancia na que don M. Santiago Neira Gómez, en calidade de Presidente da AA.VV. Unión e Progreso de San Xián de Sales, solicita licenza para a legalización de obras de acondicionamento de palco de música, consistente en pintado exterior e pavimentación da parte inferior, e a exención das taxas e impostos municipais correspondentes.

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Á vista do informe favorable do técnico municipal, concederlle a licenza solicitada.

2º.- Así mesmo concederlle a exención das taxas e impostos municipais correspondentes, ao tratarse dunha obra comunitaria de interese social.

### 2.5.-Instancia núm. 201200000000176 de Odón C. Cobas García

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vilanova -Vedra, solicita licenza para a pavimentación do saído da súa vivenda, nunha superficie aproximada de 220 m2, situada en Galegos –Vilanova.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda concederlle a licenza solicitada, non tendo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento nove euros con cincuenta e seis céntimos (#109,56#)

2.6.-Instancia núm. 201100000001920 de Consoteva, S.L.

Dáse conta da citada instancia na que don Juan Carlos Vaamonde Otero, en representación de Consoteva, S.L, con domicilio en Xián - Trobe , solicita licenza para a construción dun garaxe-almacén para materiais de construción, no lugar de Xián –Trobe, en solo cualificado no PXOM como de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; núm. Plantas S+B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m. e un coeficiente inferior a 0,30 m2 de superficie edificable baixo teito por cada m2 de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico industrial don José M. Pérez Real cun orzamento de 28.402,59 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona. Ademais de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei deberá dotar á finca de abastecemento de auga, de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación , estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincocentos sesenta e oito euros con cinco céntimos (#568,05#)

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na citada lei 9/2002, acéptase a cesión de vías segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (62,72 m2)

2.7.- Instancia núm. 201200000000077 de dona M<sup>a</sup>. Carmen Carrillo López

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Brión (A Coruña) expón que con data 22/03/2011 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a rehabilitación de vivenda situada en Rozadela (licenza nº 2011/006/000020), e dado que non se executaron as mesmas solicita a devolución do imposto ingresado.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

2.8.- Instancia núm. 201200000000200 de don José C. Gestoso Vázquez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, expón que a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a rehabilitación parcial de vivenda (expediente 25/2009) no lugar de Caxaraville, e dado que por diversos motivos non se puideron rematar no prazo previsto, solicita a concesión dunha prórroga para o remate das mesmas.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha prórroga de tres anos para o remate das obras.

**3º.- Acordo, se procede, sobre aprobación inicial de padróns fiscais de taxas municipais do exercicio 2012.**

### 3.1.- Padrón fiscal da *taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública*.

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2012, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 19 de xaneiro do ano que andamos.

Estudados os listados elaborados para o efecto, con base nos expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período e nas actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2012.

2º.- Remitir ao boletín oficial da provincia o edicto anunciando a súa exposición ao público para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

### 3.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros*.

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2012, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 19 de xaneiro do ano que andamos.

Estudados os listados elaborados para o efecto, con base nos expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período e nas actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2012.

2º.- Remitir ao boletín oficial da provincia o edicto anunciando a súa exposición ao público para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

Abandona a sesión dona Margarita Devesa Cardelle.

### **4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de apertura de viveiro en Vedra.**

Examinado o expediente promovido por dona Margarita Devesa Cardelle, segundo a súa solicitude núm. 178, de data 10/02/2012, para legalización de actividade de viveiro, sita no lugar de Pousada de Arriba –Vedra.

Tendo en conta que se trata dunha actividade que non se atopa expresamente incluída no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación da incidencia ambiental.

Visto o informe emitido polos servizos técnicos municipais, de conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local, acorda:

#### 1.- Licenza de actividade:

1º.- Concederlle a dona Margarita Devesa Cardelle, a licenza de apertura de viveiro no lugar de Pousada de Arriba -Vedra, nos termos da documentación presentada para os efectos e asinada por don José M. Pena Alonso, en calidade de enxeñeiro técnico agrícola, tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas pola solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas, se ben as instalacións de protección contra incendios deberán someterse ás condicións establecidas polo Real Decreto 1942/1993, do 5 de novembro, polo que se aproba o regulamento de instalacións de protección contra incendios.

O prazo para o comezo da actividade será de tres anos a contar dende o acordo de concesión.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas de tramitación correspondentes, que ascenderon a cento cincuenta euros con vinte e cinco céntimos (#150,25#), xa ingresadas nas arcas municipais.

Incorpórase de novo dona Margarita Devesa Cardelle.

### **5º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza de actividade para panadaría e pastelería en Ponte Ulla**

Examinado o expediente promovido por don Francisco García Rendo en representación de O Forno da Ulla, S.L., segundo a solicitude núm. 1668 de data 13/10/2011, para licenza de actividade para *Panadaría e pastelería (legalización)* no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla).

Tendo en conta que o expediente foi remitido á Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para consulta sobre sometemento da actividade ao trámite de incidencia ambiental e que este organismo, con data 26 de outubro de 2011, resolve a non pertinencia de tal sometemento, se ben establece unha serie de medidas correctoras a ter en conta.

Tendo en conta que se emitiu informe polos Servizos Técnicos Municipais en sentido favorable; que o expediente estivo exposto ao público por un período de vinte días e que por Secretaría se certificou a non presentación de alegacións.

De conformidade co disposto na lexislación de aplicación, a Xunta de Goberno Local acorda:

#### 1.- Licenza da actividade:

1º.- Concederlle a O Forno da Ulla, S.L., a licenza de actividade de *panadaría e pastelería (legalización)* no lugar de Ponte Ulla (Ponte Ulla), nos termos da documentación presentada e tendo en conta que os terreos onde se pretende levar a cabo a actividade axústanse á ordenación e cualificación urbanística prevista no vixente PXOM, téndose emitido informe en sentido favorable polos Servizos Técnicos Municipais; así mesmo as medidas propostas polo solicitante na documentación aportada ao expediente enténdense axeitadas, se ben deberá terse en conta o disposto na resolución relativa ao sometemento a avaliación de incidencia ambiental, da que se xuntará unha copia ao presente acordo.

Para a obtención da preceptiva Acta de posta en funcionamento, o titular deberá solicitar e presentar certificación final de obra e instalación, e informe acústico elaborado por empresa autorizada; así coma xustificar o cumprimento do disposto da resolución de incidencia ambiental de data 26 de outubro de 2011.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas correspondentes que figuran no expediente e xa ingresadas na tesourería municipal.

3º.- Notificar o presente acordo ao solicitante, con indicación dos recursos que procedan.

### **6º.- Acordo sobre remisión de expediente ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**

Dáse conta do expediente promovido por Roberto Almuiña Díaz en representación de RAMSA, para *ampliación de edificio de oficinas* na explotación Mina Serrabal na parroquia de San Pedro de Vilanova, deste termo municipal. Dáse conta, así mesmo, da exposición ao

público, polo prazo de 20 días, do mencionado expediente segundo o anuncio publicado no xornal "La Voz de Galicia" o día 10 de xaneiro de 2012, durante o que non se presentaron alegacións e do informe emitido polos servizos técnicos municipais para o efecto.

A Xunta de Goberno acorda informar favorablemente a tramitación do expediente mencionado e que se remita ao Servizo de Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para os efectos previstos no artigo 41 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

### **7º.- Acordo, se procede, sobre ratificación de Resolución da Alcaldía sobre do PEIM RURAL**

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data seis de febreiro do ano que andamos, que di :

“Ante a comunicación efectuada pola Consellería do Medio Rural e do Mar, de realizar con cargo á achega do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino (MARM) ao Plan Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM )

Dada a urxencia do asunto , en función das competencias que legalmente me veñen atribuídas pola lexislación vixente e sen prexuízo da súa ratificación pola Xunta de Goberno

#### **RESOLVÍN:**

Primeiro.- Solicitarlle á Consellería do Medio Rural e do Mar a realización das obras incluídas no proxecto *Obras de mellora e acondicionamento de vías municipais en Trasariz, Laraño, Cimadevila e Sarandón*, cuxo orzamento de execución ascende á cantidade de trinta e dous mil cento vinte euros con cincuenta e un céntimos (#32.120,51#), con cargo á achega do MARM ao PEIM RURAL .

Segundo.- Aprobar o proxecto denominado *Obras de mellora e acondicionamento de vías municipais en Trasariz, Laraño, Cimadevila e Sarandón*, redactado polo arquitecto don Fernando Faya Martínez.”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada Resolución.

### **8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía**

8.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta e un de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda archivar a solicitude presentada por don Tirso Laya Sinde para a rehabilitación de vivenda, consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella, ao non completar a documentación esixida.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións que se están a levar a cabo por dona Cristina Rizo Liñares , consistentes na construción dun pórche en Trasariz -San Fins de Sales.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

8.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data oito de febreiro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente contra a empresa INVERGAR MARVIL, S.L, propietario da parcela e vivendas pertencentes ao ámbito denominado SAU-1, na parroquia

de San Xián de Sales, para a imposición de multas coercitivas ata o cumprimento do ordenado en Resolución da Alcaldía de data 30/12/2010, pola contía de trescentos (#300,00#) euros ata lograr a orde de execución.

A Xunta de Goberno dáse por informada.

## **9º.- Outros asuntos**

9.1.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

9.1.1.- Escrito núm. 201200000000195 de dona Paula Valdés Castelo.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Merín, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 75%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.1.2.- Escrito núm. 201200000000196 de dona Dolores Josefa Fernández Campos.

Dáse conta do citado escrito no que a interesada, con domicilio en Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 86%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que precisa usar cadeira de rodas, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.1.3.- Escrito núm. 201200000000198 de don Luís Castiñeiras Martínez.

Dáse conta do citado escrito no que o interesado, con domicilio en Trobe, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 48%, segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.2.- Escrito núm. 201200000000122 do Concello de Boqueixón.

Dáse conta do citado escrito do Concello de Boqueixón remitindo os gastos derivados do funcionamento, mantemento, conservación e outros xerados na sede do Centro Rural Agrupado Vedra -Boqueixón durante o ano 2011, que ascenden á cantidade de tres mil catrocentos corenta e catro euros con trinta e catro céntimos (#3.444,34#), asumidos por ámbolos dous concellos a partes iguais, polo que solicita que o concello de Vedra proceda a aboar a parte correspondente.

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada liquidación

### 9.3.- Escrito núm. 201200000000137 do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don José Viaño Rey, en calidade de director do CPI de Vedra, expón que de acordo coa programación de actividades extraescolares e complementarias do centro, o alumnado de 4º de ESO realizará unha viaxe cultural a Cataluña entre os días 10 e 16 de abril, como actividades de fin de estudos de secundaria, e o alumnado de 6º de primaria a Madrid entre os días 22 e 25 de maio, polo que solicita a concesión dunha axuda para o financiamento das citadas viaxes.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de 30,00 euros/alumno para os participantes na viaxe de 4º de ESO e unha axuda de catrocentos (#400,00#) euros para os alumnos de 6º de primaria.

### 9.4.- Escrito núm. 201200000000193 do CPI de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don José Viaño Rey, en calidade de Director do CPI de Vedra, expón que o centro conta cunha aula de teatro dende hai catro anos integrada por alumnos de ESO, que está a desenvolver unha importante actividade con actuacións por diversos lugares de España, cumprindo ademais un importante labor de integración e axuda ao desenvolvemento persoal e social para moitos rapaces e rapazas do centro, colaborando coa ONG “Meniños”, polo que solicita unha axuda económica do concello para facer fronte aos gastos de viaxes e material necesario para o seu funcionamento.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda de catrocentos (#400,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e tres horas e dez minutos.